



Obxecto:	Informe Estudio de Impacto Ambiental, Proxecto Sectorial e documentación complementaria
Proxecto:	Parque Eólico Porto Vidros e a súa infraestrutura de evacuación
Concellos:	Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro (Pontevedra)
Promotor	Naturgy S.L.U.
Remitido:	Servizo de Enerxías e Minas, Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
Clave:	IN408A 2017/14
Expediente:	03.I.513.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA3328/2021 (Servizo de Arquitectura)

O 12.04.2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación Consellería de Economía, Empresa e Innovación, polo que se pon a disposición da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, na páxina web da Xunta de Galicia, os documentos: *Estudio de impacto ambiental parque eólico Porto Vidros y su línea de evacuación asociada* e *Proxecto sectorial del parque eólico Porto Vidros*, visado o 10.02.2021.

De acordo co establecido no apartados 2 e 3 do artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e no artigo 34.1 da Lei 5/2016, do 4 e maio, do patrimonio cultural de Galicia solicítase que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos técnicos de referencia.

Posteriormente, con data 27.08.2021, a empresa promotora Naturgy S.L.U., achega Documentación adicional ao Estudo de impacto ambiental (EsIA) pola que se amplía a información presentada no estudo de impacto cultural incluído como anexo 9 do EsIA.

ANTECEDENTES E FEITOS

Con data 02.05.2021 a Directora Xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar á arqueóloga M^a Carmen Álvarez García, da empresa Arkaios S.L., a intervención *Prospección arqueolóxica para Estudio de impacto Cultural do Parque Eólico Porto Vidros (Campo Lameiro e Cerdedo-Cotobade, Pontevedra)* (ED 102A 2018/204-0). Desta intervención preséntanse dúas memorias técnicas en xuño de 2018 e decembro de 2019.

O 21.05.2021 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emite informe considerando que existen bens do patrimonio cultural dentro da poligonal do parque que non están recollidos no EsIA, sendo preciso que estes bens se incorporen, valoren e avalíen axeitadamente.

Con data 29.07.2021, a Directora xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar á arqueóloga M^a Carmen Álvarez García, da empresa Arkaios S.L., unha nova intervención: *Prospección arqueolóxica para Estudio de impacto Cultural do Parque Eólico Porto Vidros* (CT 102A 2021/552-0).

Con data 27.08.2021, a empresa promotora Naturgy S.L.U., achega o documento *Memoria técnica. Actualización del Estudio de Impacto Ambiental del P.E Porto Vidros y su línea de Evacuación*, como documentación adicional ao EsIA que amplía a información presentada anexo 9 do EsIA.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm. 242, do 01.12.2020)





- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)*

A vista da documentación remitida, e en relación ao Patrimonio Cultural, pódense facer as seguintes consideracións:

Estudo de Impacto Ambiental

- Segundo a documentación remitida o obxecto do proxecto é a construción dun parque eólico cunha potencia total de 10,35 MW, composto de 3 aerogeneradores de 3,45 MW de potencia unitaria, con altura de buxa de 81 ou 94 m e 138 m de diámetro de rotor, e a súa infraestrutura asociada: accesos e vieiros interiores, cimentacións, plataformas de montaxe, gabias de cableado, centro de seccionamento e control e unha torre meteorolóxica.
- Non se concreta na memoria do documento por onde se realizará o acceso ao parque eólico, se ben se deduce da documentación gráfica que se efectuará desde a estrada N-541.
- No Estudo de Impacto Ambiental (EIA) valóranse dúas alternativas para a execución do parque eólico, sendo escollida a alternativa 1B (alternativa 1 optimizada) por considerar os redactores que ten menores impactos sobre o medio ambiente e o patrimonio arqueolóxico.
- A enerxía xerada polo Parque Eólico Porto Vidros evacuarase á rede a través do centro de seccionamento do propio parque, de 30 kV, que se conectará co CS PE Campo das Rosas mediante liña eléctrica aéreo-subterránea a 30 kV e 6 km de lonxitude, desde onde ambas liñas evacuarán conxuntamente ata a LAT 220 kV Pico Touriñán-Tibo.
- Valoráronse 3 alternativas para a execución da liña de evacuación, sendo escollida a alternativa 2 por ser a de menor lonxitude. Esta elección, sufrirá modificacións na súa traza, pola aparición de bens arqueolóxicos.
- Respecto ao patrimonio cultural, nos apartados 3.10.6 *Patrimonio cultural e arqueolóxico*, da memoria do EIA inclúese un listado con 28 elementos do patrimonio cultural: 15 arqueolóxicos, 5 arquitectónicos e 8 etnolóxicos e indícase que se xunta como Anexo 9 o Estudo de impacto sobre o patrimonio cultural mentres que nos apartados 4.5 *Resumo valoración de impactos significativos* e 5 *Medidas preventivas e correctoras* non se inclúe o patrimonio cultural, remitíndose ao Anexo 9 para a súa valoración e o establecemento das medidas correctoras.

Memoria técnica. Actualización del Estudio de Impacto Ambiental del PE Porto Vidros y su línea de Evacuación.

- O 27.08.2021 o promotor, a requirimento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola omisión de bens do patrimonio cultural, presentou o documento *Memoria técnica de actualización del estudio de impacto cultural del P.E. Porto Vidros y su línea de evacuación*, asinado pola arqueóloga M^a Carmen Álvarez García en agosto de 2021. Neste documento recóllense as modificacións introducidas no proxecto definido no EIA:
 - desprazamento dos aerogeneradores T4-01 (uns 200 metros ao SE) e T4-03 (uns 75 metros ao NW), xunto coas súas plataformas, vieiros de acceso e gabias de cableado,
 - desprazamento da posición da torre de medición con seu vieiro de acceso e gabiá de cableado,
 - modificación da gabiá de cableado entre o aerogenerador T4-03 e o Centro de Seccionamento,
 - liña de evacuación:
 - modificación na traza do vieiro de acceso ao apoio 23,
 - modificación na traza da entre os apoios 28 e 31,
 - modificación da localización dos apoios 29 e 30 xunto cos seus vieiros de acceso, e
 - eliminación do apoio número 31.
- O documento sinala que os traballos de campo levados a cabo no ano 2018 e 2019 foron completados cunha nova prospección intensiva das zonas de obra obxecto de modificación no ano 2021. O EIPC recolle un total de 39 elementos do patrimonio cultural: 20 teñen carácter arqueolóxico, 2 son referencias a posibles xacementos arqueolóxicos, 5 son elementos do patrimonio arquitectónico e 12 son elementos de patrimonio etnolóxico. Respecto ó patrimonio arqueolóxico, faise unha breve descrición dos elementos incluídos dentro da poligonal do parque e preséntanse fichas individualizadas





só dos elementos afectados polas obras (9). No apartado 9.1 do EIPC valorase a afección sobre o patrimonio arqueolóxico como *indirecta* (cando as obras atópanse a unha distancia superior aos 50 m).

- O documento non avalía o 'gravado' denominado Outeiro Raposo ao consideralo formas naturais de erosión. Aínda así propónse o balizado do afloramento como medida protectora, co obxectivo de que non se vexa afectado polas obras.
- No apartado 10.3 do EIPC inclúese unha táboa coa valoración do impacto sobre 21 bens do patrimonio cultural e cualifícase o impacto sobre eles coma compatible, sendo 9 os bens arqueolóxicos afectados:

Código	Elemento	Axente de Impacto	Impacto
GA36011076	Petróglifo do Outeiro da Corva	Sen afección.	Compatible
GA36011080	Petróglifo 1 das Corvas	Vieiro existente a acondicionar para acceso ao apoio 5 discorre 173 m ao S.	Compatible
GA36011081	Petróglifo 2 das Corvas	Vieiro existente a acondicionar para acceso ao apoio 5 discorre 185 m ao SSE.	Compatible
GA36012141	Mámoa da Chan da Anduriña	Sen afección.	Compatible
GA36011	Mámoa de Cuiña	O vieiro de nova apertura para acceso a apoio 32, o apoio 32 e a traza aérea da LAT entre os apoios 30 e 32 discorren a 170 m ao NW.	Compatible
GA36011	Petróglifo de Monte Porrido	Traza aérea da LAT entre os apoios 22 e 23 discorre a 185 m ao WSW.	Compatible
GA36011REF	Petróglifo 1 do Pousadoiro	Sen afección.	Compatible
GA36011	Petróglifo 2 do Pousadoiro	• Vieiro de nova apertura para acceso ao apoio 30 a 156 m. ao NW. • Apoio 29 e vieiro de acceso a 125 m. ao W. • Traza aérea da LAT entre os apoios 28 e 30 discorre a 115 m. ao SW.	Compatible
GA36011	Petróglifo 3 do Pousadoiro	• Traza aérea da LAT entre os apoios 28 e 30 discorre a 150 m ao NW.	Compatible

- Bens arquitectónicos e etnolóxicos afectados:

Código	Elemento	Impacto
09-AC-01 - 09-AE-14	Conxunto da Casa Grande de Cuiña	Compatible
	Fito da Chan da Anduriña	Compatible
	Chozo do Outeiro do Ladrón	Compatible
	Cruz do Outeiro do Ladrón	Compatible
	Inscripción de Outeiro Raposo	Compatible
	Inscripción de Outeiro dos Caldeiros	Compatible
	Inscripción de Penaquetanxe	Compatible
	Pasal do Rego dos Cabaleiros	Compatible
	Muíño do Rego dos Cabaleiros	Compatible
	Muíño de Fornelos	Compatible
38-AR-05	Cruceiro en Pedre	Compatible
38-AE-31	Hórreo en Pedre	Compatible

- No apartado 9 *Afeccións e proposta de medidas correctoras*, da nova memoria, establécense medidas correctoras específicas:





Bens arqueolóxicos

- Mámoa de Cuíña: apertura manual do apoio 32, baixo control arqueolóxico presencial.
- Petróglifo 2 de O Pousadoiro: balizado, limpeza da vexetación presente na zona de obra pola que discorre liña dentro do contorno de protección, con maquinaria manual e sen subsolado e revisión da zona. Apertura do apoio 29 de xeito manual e baixo control arqueolóxico. Os traballos de execución e acondicionamento dos vieiros aos apoios 29 3 30 deberán realizarse baixo control arqueolóxico presencial.
- Petróglifo 3 do Pousadoiro: limpeza da vexetación presente na zona de obras que discorre dentro do contorno de protección, con maquinaria manual e sen subsolado, co obxectivo de realizar unha supervisión máis exhaustiva.

Bens de carácter etnolóxico:

- Cruz do Outeiro do Ladrón: Balizado da área de protección do elemento durante a execución das obras.
- Inscrición de Outeiro Raposo: Balizado da área de protección do elemento durante a execución das obras.
- Inscrición de Outeiro dos Caldeiros: Balizado da área de protección do elemento durante a execución das obras.
- No apartado 11. *Planificación y control de obras*, recóllense as medidas correctoras xerais definidas como medidas de complemento:
 - control arqueolóxico das obras do parque,
 - incorporación á planimetría de obra dos bens do patrimonio cultural e as súas áreas de protección,
 - balizado baixo supervisión arqueolóxica dos elementos do patrimonio cultural recomendados (incluído o afloramento do Outeiro Raposo).
 - revisión das zonas de obra unha vez estean limpas de vexetación, de xeito previo á execución das mesmas,
 - seguimento das fases de replanteo ou das modificacións que podan introducirse no proxecto de obra,
 - nas áreas de protección dos bens do patrimonio cultural non poderá realizarse ningún tipo de obra ou acondicionamento que non fora previamente avaliado e autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, nin ningún tipo de amoreamento tando de maquinaria, terras ou calquera outro elemento relacionado coa execución do proxecto,
 - no caso de presenza de muros de peche tradicionais de mampostería, construídos coa técnica de pedra en seco, deberá respectarse a súa integridade construtiva. En relación coa liña eléctrica, tanto na fase construtiva como coas posteriores labores de mantemento:
 - os traballos de acondicionamento ou nova apertura de accesos, así como a construción dos apoios, deberán realizarse procurando non alterar os muros de peche tradicional de las diferentes parcelas presentes no seu percorrido. No caso de que isto non fora factible, unha vez finalizadas as obras, o muro tradicional alterado deberá ser repostado coas mesmas características e técnica construtiva que o preexistente.
 - os traballos de limpeza e mantemento da liña e os seus accesos, deberán realizarse sen alterar os muros de peche tradicionais.
 - Certificación do estado final no que queda o patrimonio cultural unha vez finalizada a totalidade das obras.

Proxecto Sectorial

O Proxecto Sectorial ten como obxecto regular con detalle a implantación territorial da infraestrutura eólica.

- Na memoria do documento (apartado 8.1.1.5) faise referencia a aplicación das medidas protectoras do Anexo 9 do EslA, se ben figura erroneamente, como arqueólogo director, Jorge Lamas Bértolo, dato que non coincide coa dirección que figura no Anexo 9 do EslA. Asemade, indícase que foron 24 os elementos do patrimonio cultural identificados, cando no EslA figuran 28.
- No Anexo 3 *Descrición do medio físico* tamén faise referencia, en distintos apartados, ao estudo de impacto cultural. No apartado 1.1.14.3 *Patrimonio cultural e arqueolóxico*, menciónanse 28 elementos (15 arqueolóxicos, 5 arquitectónicos e 8 etnolóxicos).





- Na planimetría do proxecto sectorial, nos planos de clasificación urbanística proposta non aparecen grafados todos os bens do patrimonio cultural recollidos no Anexo 9 do EsIA nin os novos elementos identificados na memoria técnica da actualización do EsIA, así como tampouco os seus contornos de protección.

Unha vez analizados os documentos, pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, compróbase que dentro da poligonal do parque eólico existen bens do patrimonio cultural que son identificados na Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do Anexo 9 do EsIA e na documentación adicional remitida o 27.08.2021 *Memoria técnica de actualización del estudio de impacto cultural del P.E. Porto Vidros y su línea de evacuación*, valorado o seu impacto e establecendo as correspondentes medidas correctoras, que se consideran adecuadas.
- Nas fichas da Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural non se indican as distancias concretas dos bens ás infraestruturas.
- Non se definen no EIA as actuacións concretas que será necesario realizar para acondicionar os accesos ao parque eólico desde a estrada N-541, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural (antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreeanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, talas, etc...).
- Os accesos aos apoios 5, 28, 29, 30 e 32 e os apoios 32 e 29 desenvólvense total ou parcialmente sobre contornos de protección de bens de índole arqueolóxica.
- Cotexados os datos e a planimetría do proxecto sectorial cos datos e planimetría do Estudo de Impacto Ambiental compróbase que non existe diferencias nas características do proxecto. Non obstante, deben modificarse no senso de incorporar as modificacións introducidas na documentación adicional xa que a proposta á que se refire a *Memoria técnica de actualización del estudio de impacto cultural del P.E. Porto Vidros y su línea de evacuación*, entregada o 27.08.2021, non se corresponde coa definida nos anteriores documentos entregados o 12.04.2021.
- Na planimetría do proxecto sectorial, nos planos de clasificación urbanística proposta non aparecen grafados todos os bens do patrimonio cultural recollidos no Estudo de Impacto Ambiental nin os novos elementos identificados na *Memoria técnica*, así como tampouco os seus contornos de protección.

INFORME

Á vista do exposto, na análise da documentación agora presentada e nas consideracións técnicas, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, se informa de xeito **favorable** os documentos *Estudio de impacto ambiental parque eólico Porto Vidros y su línea de evacuación asociada (xaneiro de 2021)* e *Proxecto sectorial del parque eólico Porto Vidros (visado o 10.02.2021)*, coas modificacións do proxecto recollidas no documento *Memoria técnica. Actualización del Estudio de Impacto Ambiental del P.E Porto Vidros y su línea de Evacuación* (remitida o 27.08.2021), tendo en conta as seguintes **consideracións e condicións**:

- O Estudo de impacto ambiental deberá recoller as modificacións reflectidas no documento *Memoria técnica de actualización del estudio de impacto cultural del P.E. Porto Vidros y su línea de evacuación*, remitido o 27.08.2021.
- No anexo 9 do EsIA incluíranse as fichas de todos os bens que foron localizados na prospección próximos ás infraestruturas, indicando a distancia á que se atopan as obras.
- Os muros tradicionais construídos coa técnica de pedra seca deberán ser identificados nos planos de obra e estableceranse as medidas protectoras que garantan a súa conservación e protección, debendo comprobar as características dos muros tradicionais próximos aos accesos aos apoios da liña eléctrica e incluír na documentación fotografías do estado actual, planos de localización dos mesmos e posibles actuacións que lles afecten.





- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (xacementos arqueolóxicos, hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda. Para o que:
 - Consultaranse os catálogos das figuras dos planeamentos en vigor dos concellos afectados polo proxecto, os arquivos existentes na Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e o Plan básico autonómico de Galicia.
 - Delimitaranse os bens do patrimonio cultural e as súas áreas de protección, baseándose no traballo de campo, en planimetría de detalle, en fotografía aérea e, no seu caso, en cartografía catastral. Estas áreas deberán axustarse ao previsto na normativa urbanística vixente nos concellos afectados e subsidiariamente ao disposto no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016).
 - Presentarase planimetría na escala apropiada na que se definan claramente as características dos accesos do proxecto (tramos existentes a modificar e tramos de nova construción). Cómpre sinalar que se deberán respectar os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural quedando libres de obra nova. A avaliación do impacto do proxecto deberá contar cunha ficha individualizada de cada elemento na que se fará constar as especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto, cualificación do mesmo, a distancia entre as obras e os bens e proposta de medidas protectoras e correctoras.
- Os traballos de construción do parque eólico e a súa liña de evacuación realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). O proxecto deberá incorporar as medidas correctoras establecidas tanto no ESlA, no seu Anexo 9, como na *Memoria técnica de actualización del estudio de impacto cultural del P.E. Porto Vidros y su línea de evacuación*.
- As fichas dos bens con afección incluírán as especificacións técnicas e características construtivas da obra ou parte do proxecto que ocasiona o impacto, e a distancia concreta ás obras.
- Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres tanto de obra nova relacionada co parque eólico e a liña de evacuación proxectada coma de zonas de amoreamento de materiais á excepción do contemplado no EIPC para os apoios 29 e 30 e ós accesos ós apoios 32, 30, 29, 28, e 5.
- Dada a imposibilidade de revisar zonas de prospección pola presenza dunha tupida vexetación, e ante a posíble aparición de novos xacementos arqueolóxicos, deberase coordinar o equipo encargado do control e seguimento co equipo que execute as obras para realizar a revisión da roza de vexetación, que se fará con control arqueolóxico presencial. En concreto, deberase facer o control da limpeza de vexetación nos seguintes puntos: vieiros de nova execución, plataformas dos aeroxeradores, torre meteorolóxica, zona de acopios así coma os apoios 3 a 5 da liña de evacuación. No caso de aparecer novos bens ou indicios vinculados co patrimonio cultural, deberanse comunicar os achados á Dirección xeral de Patrimonio Cultural, que establecerá as medidas oportunas.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade de las obras.
- Respecto ao proxecto sectorial, este deberá recoller as modificacións reflectidas no documento adicional remitido o 27.08.2021. Asemade, na súa planimetría de clasificación urbanística proposta se incluírán e grafarán os bens patrimoniais identificados no Anexo 9 do EIA e na *Memoria técnica*.





Actualización del Estudio de Impacto Ambiental del P.E Porto Vidros y su línea de Evacuación, e os seus contornos de protección.

- Os concellos deberán integrar os novos bens patrimoniais nos seus catálogos urbanísticos de protección.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral do Patrimonio Cultural
M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxías e Minas, Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

